

IES CANIDO – INFORMACIÓN BÁSICA DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO
2022-2023

Materia	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	Curso	2º BACH.
DEPARTAMENTO	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		

OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

	OBXECTIVOS	CONTIDOS
1ª AVA	<ul style="list-style-type: none"> • Saber expresarse mediante discursos coherentes, correctos e adecuados. • Comprender a estrutura morfolóxica das distintas categorías gramaticais e das estruturas sintácticas fundamentais. • Analizar a formación e o significado das palabras. • Coñecer as características, tendencias, obras e autores máis representativos da Xeración do 98 e do Modernismo. • Ler e valorar criticamente obras e fragmentos literarios . • Resumir textos, analizar a súa estrutura e comentalos desde un punto de vista crítico. • Obter, interpretar e valorar a información obtida de diversas fontes. <p style="margin-top: 20px;">*Os obxectivos expostos nesta e nas seguintes avaliacións poden ver alterada a súa secuenciación e/ou temporalización dependendo das modificacións feitas na secuenciación de contidos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Unidade 1 : Coñecemento da lingua: a palabra. Estrutura e clases. Estrutura da lingua. As unidades lingüísticas. A palabra. Clases de palabras ou categorías gramaticais. Valores estilísticos das categorías gramaticais. • Unidade 2 : Formación de palabras. O léxico español. Compoñentes morfolóxicos da palabra. Clases de palabras segundo a súa estrutura morfolóxica. O léxico español. • Unidade 3: O significado das palabras. Significado e referencia. Compoñentes léxicos das palabras: os semas. As relacións semánticas entre as palabras. Cambios de significación. • Unidade 4: A oración composta. Clasificación da oración composta. Xustaposición e coordinación. A subordinación sustantiva, adxectiva e adverbial ou circunstancial. • Unidade 5: Textos expositivos e argumentativos no ámbito académico e profesional. Textos académicos. Textos profesionais e empresariais. Modalidades textuais. • Lectura de <i>Romancero gitano</i> de Federico García Lorca. <p style="margin-top: 20px;">*Os contidos enumerados nesta e nas seguintes avaliacións seguen a secuenciación habitual nos manuais para 2º de bacharelato. Non obedecen estritamente á que desenvolva a docente.</p>

- Resumir textos, analizar a súa estrutura e comentalos desde un punto de vista crítico.
- Saber expresarse mediante discursos coherentes, correctos e adecuados .
- Comprender a estrutura morfolóxica das distintas categorías gramaticais e as estruturas sintácticas da oración simple e composta.
- Coñecer a realidade plurilingüe e pluricultural de España e as características xerais do español de América.
- Ler e valorar criticamente obras e fragmentos literarios .
- Coñecer a Xeración do 27, o grupo de autoras As Sinsombrero e as súas obras máis significativas.
- Entender as características dos textos humanísticos, científicos, administrativos e xurídicos.
- Coñecer as características, tendencias, obras e autores máis relevantes da novela, o ensaio e o teatro da primeira metade do século XX e da poesía de posguerra.
- Ler e valorar criticamente obras e fragmentos literarios .
- Obter, interpretar e valorar a información obtida de diversas fontes.

- Unidade 6: Textos periodísticos e publicitarios.
Os medios de comunicación de masas. Periodismo escrito, audiovisual e dixital. Os xéneros periodísticos. Caracterización lingüística dos textos periodísticos. Os textos publicitarios.
- Unidade 7: Bilingüismo e linguas en contacto. O español na actualidade. O español de América. Bilingüismo e diglosia. O fenómeno das linguas en contacto. O español na actualidade. O español de América.
- Unidade 8: Modernismo e Xeración do 98. O século XX: contexto histórico e cultural. O Modernismo. A Xeración do 98. Rubén Darío. Delmira Agustini.
- Unidade 9: Novecentismo e vangardas. O Novecentismo. Rasgos xeracionais. O ensaio. José Ortega y Gasset. A poesía. Juan Ramón Jiménez.
A novela. Gabriel Miró e Pérez de Ayala. Os movementos estéticos de vangarda. O vangardismo en España. Ramón Gómez de la Serna.
- Unidade 10: A Xeración do 27. Compoñentes do grupo. Rasgos xeracionais. Raíces literarias. Temas. Etapas e tendencias poéticas. As Sinsombrero. Miguel Hernández.
- Lectura de **La Fundación** de Antonio Buero Vallejo e de **Crónica de una muerte anunciada** de Gabriel García Márquez.

- Resumir textos, analizar a súa estrutura e comentalos desde un punto de vista crítico.
- Saber expresarse mediante discursos coherentes, correctos e adecuados .
- Comprender a estrutura morfolóxica das distintas categorías gramaticais e das estruturas sintácticas da oración simple e composta.
- Entender a estrutura e características dos textos periodísticos e publicitarios
- Coñecer o teatro anterior a 1939. Autores e obras máis destacadas.
- Coñecer as características, tendencias, obras e autores máis relevantes da novela, o ensaio e o teatro desde mediados do século XX.
- Coñecer o teatro posterior a 1939.
- Coñecer a poesía posterior a 1939.
- Coñecer a novela e o ensaio posteriores a 1939.
- Coñecer a literatura hispanoamericana do século XX.

- Unidade 11: O teatro anterior a 1939. Panorama xeral. O teatro comercial. O teatro innovador.
- Unidade 12: A poesía posterior a 1939. Contexto histórico e social. A poesía da inmediata posguerra. A poesía social. A renovación poética. A Xeración do 50. A poesía experimental. Os Novísimos. Últimas tendencias poéticas.
- Unidade 13: O teatro posterior a 1939.
- Panorama xeral do teatro trala Guerra Civil. O teatro da posguerra. O teatro existencial do realismo social. O teatro renovador e experimentalista. O teatro desde 1975.
- Unidade 14: A novela e o ensaio posteriores a 1939. A novela da posguerra. A novela do realismo social. A renovación narrativa e experimentalista. A novela nas últimas décadas. O neorrealismo. O conto. O ensaio.
- Unidade 15: A literatura hispanoamericana do século XX e actual. O contexto histórico e social. A poesía. A novela. O conto.
- Lectura de ***El lector de Julio Verne*** de Almudena Grandes.

	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
1ª AVA	<ul style="list-style-type: none"> • Analizar textos escritos argumentativos e expositivos propios dos ámbitos educativo, periodístico, profesional ou empresarial, identificando as características formais e relacionando as características expresivas coa intención comunicativa e co resto dos elementos da situación comunicativa. • Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras en español, aplicando os coñecementos adquiridos para a comprensión e o enriquecemento do vocabulario activo. • Aplicar os coñecementos sobre o funcionamento da lingua á comprensión, á análise e ao comentario de textos de distinto tipo procedentes dos ámbitos educativo, periodístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos (marcas de obxectividade e subxectividade; referencias deícticas temporais, espaciais e persoais, e procedementos de cita) coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa. • Coñecer e explicar a evolución das distintas tendencias literarias da novela da posguerra: novela dos anos corenta, novela social dos cincuenta e a experimental dos sesenta. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento básico da estrutura morfolóxica e semántica das distintas clases de palabras. • Coñecemento das estruturas sintácticas da oración simple e composta. • Coñecemento das características dos textos humanísticos, científicos, técnicos, xurídicos, administrativos, periodísticos, publicitarios e literarios. • Coñecer textos expositivos e textos argumentativos. • Coñecemento básico de semántica (clases de significado, relacións semánticas, campo e cambio semántico). • Coñecemento básico do mecanismo de formación de palabras e da súa estrutura morfolóxica e semántica. • Coñecemento e características das diferentes clases de palabras. • Coñecemento das características xerais dos movementos literarios, obras e autores máis representativos. • Lectura da obra obrigatoria.

- Aplicar os coñecementos sobre o funcionamento da lingua á comprensión, á análise e ao comentario de textos de distinto tipo procedentes dos ámbitos educativo, periodístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos (marcas de obxectividade e subxectividade; referencias deícticas temporais, espaciais e persoais, e procedementos de cita) coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa.
- Interpretar de maneira crítica textos da literatura do século XX.
- Desenvolver por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días, expoñendo as ideas con rigor, claridade e coherencia, e aportando unha visión persoal.
- Coñecer os autores e obras representativas da poesía e a novela hispanoamericana do século XX.
- Coñecer os rasgos da novela do “boom” hispanoamericano en textos de autores representativos.
- Coñecer as características do Modernismo e os seus autores e obras máis representativas.
- Coñecer as características da Xeración do 98 e os seus autores e obras máis significativas.
- Coñecer o Novecentismo e as Vangardas.
- Coñecer os distintos autores da Xeración do 27, o grupo de autoras As Sinsombrero e as súas obras.
- Coñecemento básico de semántica (clases de significado, relacións semánticas, campo e cambio semántico).
- Coñecemento básico do mecanismo de formación de palabras e da súa estrutura morfolóxica e semántica.
- Coñecer a evolución da poesía española desde 1939 hasta 1975.
- Comprensión da situación lingüística peninsular e das características do español de América.
- Coñecemento das características, os autores e as obras máis relevantes do século XX.
- Lectura das obras obrigatorias.

- Ler e analizar textos literarios representativos da historia da literatura do século XX ata os nosos días, identificando as características temáticas e formais, en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence e a obra do autor, e constatando a evolución histórica de temas e formas.
- Interpretar de maneira crítica fragmentos ou obras da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.
- Desenvolver por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días, expoñendo as ideas con rigor, claridade e coherencia, e aportar unha visión persoal.
- Elaborar un traballo de carácter educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura consultando fontes diversas, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.

*Téñase en conta o exposto con relación á secuenciación e temporalización definitiva dos conceptos e obxectivos para este apartado e o dos mínimos esixibles, por canto estes dependen dos primeiros.

- Coñecemento das características xerais dos movementos literarios, obras e autores correspondentes á avaliación.
- Coñecer o teatro anterior a 1939.
- Coñecer a poesía posterior a 1939.
- Determinación do tema, elaboración dun resumo, un esquema e un comentario crítico a partir dun texto dado.
- Coñecer as características temáticas e formais do teatro dos anos 40, 50 e 60.
- Coñecer a narrativa de posguerra, autores e obras significativas.
- Coñecer a literatura hispanoamericana do século XX.
- Coñecemento xeral dos recursos da coherencia e da cohesión textual.
- Coñecemento das características xerais dos movementos literarios, obras e autores máis significativos.
- Lectura da obra obrigatoria.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

O alumnado contará cos materiais ubicados no apartado deseñado para o curso e materia na aula virtual do centro e, de ser demandados, cos apuntamentos fotocopiabes que lles entregará @ docente. Asimesmo, os contidos proxectados ou reproducidos no encerado dixital como apoio no desenvolvemento das sesións lectivas poderán ser directa ou indirectamente avaliábeis (textos de opinión ou expositivo-argumentativos que permiten tratar esta tipoloxía textual ou achegarse a temas actuais; podcasts que conteñan referencias a autores, obras, movementos literarios; etc.).

Recoméndase consultar os contidos, especialmente lingüísticos e gramaticais, do libro utilizado o curso pasado ou o da mesma editorial para 2º (*Lengua castellana e literatura. 2º de Bachillerato* da editorial Casals) ou, no seu defecto, de calquera outro que os trate. No caso das obras literarias de lectura obrigatoria (así consideradas na proba da materia da ABAU e, consecuentemente, nesta programación (*Romancero gitano, La Fundación, Crónica de una muerte anunciada e El lector de Julio Verne*), é imprescindible que @s alumn@s acudan con elas a clase para seguir as explicacións d@ docente cando se estuden.

CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE CUALIFICACIÓN

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	
Conceptos e procedementos lingüísticos (cualificación das preguntas sobre contidos lingüístico-textuais da proba obxectiva escrita)	60%
Conceptos e procedementos literarios (cualificación das preguntas sobre a obra traballada en cada avaliación e sobre os temas de historia da literatura desenvolto respectivamente -ou media das cualificacións obtidas nas dúas probas realizadas no caso da segunda avaliación-)	40%

Os **criterios e procedementos de cualificación** rexiranse polo currículo de bacharelato en vigor e atenderán en liñas xerais, salvo naqueles casos en que neste documento se precise algo distinto, aos criterios establecidos pola CIUG para a proba da materia na ABAU (Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade) para o curso 2022-2023. Na citada proba da materia plantéxase a resolución de exercicios que desenvolven catro destrezas/contidos distintos, aos que nos atemos. Pola contra, reformulamos algúns aspectos, dado que nas distintas probas de cada avaliación non ten sentido contemplar a ampla opcionalidade que si parece pertinente nunha proba de carácter global como é a da ABAU. Daquela, haberá unha proba de carácter lingüístico-textual e outra sobre contidos literarios (tal como se expón no cadro de arriba). Deste xeito, a máxima cualificación para cada un dos apartados (os tres primeiros apartados constitúen a proba lingüístico-textual e o cuarto a específica de contidos literarios) quedará como segue:

- 1. Resumo/esquema (1 punto):** céntrase na comprensión lectora e na formulación sintética dos contidos principais dun texto de carácter argumentativo, xeralmente extraído dun artigo de opinión sobre un asunto de actualidade, de xeito que hai que resumilo ou esquematizalo.
- 2. Comentario crítico (2 puntos):** redacción dun comentario crítico sobre o texto.
- 3. Contidos lingüísticos/gramaticais (3 puntos):** resolución de dous exercicios vinculados á competencia lingüística e gramatical (tanto na faceta de explicación como na de produción de unidades ou estruturas). Remitimos ao currículo de 2º de Bacharelato, á programación da materia e especialmente ao documento web "Orientacións para as probas de Lingua Castelá e Literatura II do curso 2021-2022" da CIUG para a listaxe de posibles preguntas neste bloque.

- 4. Literatura (historia da literatura e estudo da obra de lectura obrigatoria en cuestión) (4 puntos: 2 puntos para a pregunta relativa á monografía e 2 para a de historia da literatura):** exposición, a través dun fragmento representativo, sobre algún aspecto ou aspectos relevantes dos temas en que se divide o estudo da historia da literatura no século XX; exposición, a través dun fragmento textual da obra literaria en cuestión, sobre contidos, rasgos formais e estruturais da mesma. Traballarase unha obra na 1ª avaliación, dúas na 2ª e unha na 3ª.

Os que seguen son os procedementos que rexerán a avaliación e a cualificación:

- a) A avaliación será sumativa para as destrezas e contidos vinculados aos apartados 1º, 2º e 3º, de xeito que a partir da segunda das probas (esta incluída) os contidos avaliados (traballados tanto oralmente como co apoio imprescindible do texto escrito impreso ou dixital) serán todos os impartidos desde o inicio de curso para os apartados 1º (resumo ou esquema), 2º (comentario crítico) e 3º (contidos gramaticais) sen atender á división por avaliación orientativa arriba exposta, en consonancia coa concepción da afondamento nas destrezas lingüísticas (comprensiva e expresiva) na materia ao longo do curso como co feito ineludíbel en que o anterior se materializa na proba da ABAU. Os contidos de historia da literatura e os propios das monografías serán avaliados de xeito que na proba en cuestión se pregunte polos contidos traballados desde o inicio de cada avaliación.
- b) Haberá dúas probas na primeira avaliación (unha centrada nos contidos da lectura obrigatoria e a historia da literatura e outra de contidos lingüístico-textuais -resumo, comentario crítico e dous exercicios sobre contidos gramaticais ou lingüísticos-); dúas na segunda (unha sobre a segunda e terceira obras de lectura obrigatoria e os temas da historia da literatura traballados respectivamente e unha de contidos lingüístico-textuais); e dúas na terceira (unha sobre a cuarta obra de lectura obrigatoria e os temas de historia da literatura desenvoltos e outra de contidos lingüístico-textuais). A nota final de cada avaliación será o resultado de aplicar a suma do resultado das porcentaxes indicadas na táboa de arriba, redondeando de ser necesario. A cualificación final da materia (avaliación ordinaria) será o resultado de sumar as cualificacións de cada avaliación e de dividilas entre tres (redondearase a partir das 5 décimas). Para @s alumn@s que deste xeito non acaden o aprobado (nota final de 5 na avaliación ordinaria) haberá un exame final de todos os contidos lingüísticos e literarios (historia da literatura e obras de lectura obrigatoria) do curso coas características (apartados, criterios de cualificación) da proba da materia deseñada pola CIUG para a ABAU. De superar esta proba final, a cualificación na avaliación ordinaria corresponderase coa nota obtida nesa proba. En caso de que haxa alumn@s que desexen ter a posibilidade de mellorar a cualificación da avaliación ordinaria, poderán presentarse a esta mesma proba final e, de obter unha cualificación inferior á media das tres avaliacións que pretendían mellorar, esta última non lles será minorada. No caso da avaliación extraordinaria de finais de xuño, as características da proba atenderán ao xa exposto para a proba final de carácter global que acabamos de mencionar.
- c) Deducirase ata un máximo de 2 puntos por incorreccións expresivas: 0,1 puntos por cada erro ortográfico, de acentuación, así como por cada impropiedade léxica. Deducirán igualmente as deficiencias na presentación dos escritos, o emprego de coloquialismos ou vulgarismos, os erros reiterados nos signos de puntuación ou na estruturación lóxica do texto, etc.